

Manifiesto 8M 2019

Hoxe 8 de marzo de 2019 millóns de mulleres en todo o mundo estamos a reivindicar a igualdade de xénero. Foi a unión e loita de moitas mulleres no mundo ao longo dos anos, a que conseguiu os dereitos que hoxe en día temos, pero aínda queda moito por lograr para lograr que esa igualdade sexa plena, e agora tócanos a nós continuar con esa loita, non só este 8M senón todo os días.

O feminismo ten como obxectivo a plena igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

Na loita, para que esa igualdade sexa real e efectiva é fundamental a sororidade. As mulleres necesitamos a cooperación e solidariedade entre nós. É un problema das sociedades patricarciais fomentar as desigualdades de xénero, e todas e todos na medida en que formamos parte desta sociedade, debemos entender que, os problemas da muller en relación á súa situación de desventaxa respecto ao home, non son afrontables individualmente senón que precisan da solidariedade de todas nós.

Xuntas somos máis fortes para transformar a sociedade patriarcal na que vivimos hacia unha sociedade máis xusta e igualitaria.

As mulleres somos iguais pero tamén somos diversas. Vivimos no entorno rural e no urbán, temos diversidade funcional, somos extranxeiras, xitanas, paias, somos hetero, trans, lesbianas, interxénero, queer... somos coidadoras, temos un traballo remunerado, tamén temos distinta ideoloxía, somos de todas as idades, somos as violadas, as agredidas, as asasinadas, somos todas.

Pero estamos hoxe aquí e unidas para decír **NON**, a que haxa máis mulleres asasinadas pola violencia machista, á trata de persoas, á LGTBIQfobia, ao sistema patriarcal que segue perpetuando as desigualdades de xénero, aos micromachismos, a ter peores condicións laboráis, máis precariedade laboral e cobrar menos salario que o home a igual traballo, á falta de conciliación e de corresponsabilidade familiar e doméstica.

Hoxe decimos **BASTA XA**, de agresións, de violacións, de explotación sexual, de marxinacións, de exclusións, de acoso sexual e laboral, de teitos de cristal, de opresións pola orientación e identidade sexual, de violencias machistas.

O problema de fondo das desigualdades de xénero é o sistema patriarcal instaurado na nosa sociedade, por iso é tan importante a coeducación en igualdade de xénero e libre de estereotipos.

Queremos que as nosas fillas e fillos teñan unha educación libre de valores heteropatriarcias e cunha formación afectivo sexual con respecto á súa identidade.

Queremos unha sociedade máis xusta e igualitaria, e a erradicación das desigualdades de xénero que fomenta a sociedade patriarcal.

As mulleres queremos decidir libremente sobre o noso corpo. Que non se utilize o corpo da muller como obxecto sexual.

Queremos poder movernos con total liberdade en todos os espacios, na casa, na rúa, no traballo e a todas horas.

Queremos que os homes participen no reparto das tarefas familiares e domésticas para unha mellor calidade de vida familiar, para conquistar máis independencia persoal e que homes e mulleres teñamos máis tempo libre para adicallo a outras actividades.

Queremos un entorno laboral que ofrezca a mulleres e homes as mesmas oportunidades de prosperar, e que o emprego facilite a conciliación adaptándose ás necesidades da vida das mulleres.

Queremos reivindicar como un ben social, o traballo doméstico e de coidados no fogar que realizan maioritariamente as mulleres e que non está recoñecido ou mal pagado.

En definitiva Queremos ser **mulleres, diversas e libres de violencias machistas**

Xuntas seguiremos loitando para crear unha sociedade máis xusta e igualitaria.